

# Algunhas notas sobre a lingua galega da *Franxa Leste*

## *Some Remarks on Galician Language from the So-called Franxa Leste*

Alberto GÓMEZ BAUTISTA

Universidad Complutense de Madrid  
*albertobautista@hotmail.com*

### RESUMO

O obxectivo deste traballo é informar sobre a situación que atravesada a lingua galega na Franxa Leste, así como fornecer argumentos para a mudanza dunha denominación como Galego Exterior, para referírmonos ao galego falado no Eo-Navia, nos Ancares Leste, no Bierzo Occidental e nas Portelas. Estes territorios cuxa lingua propia é a galega, e que están, actualmente, fóra da Comunidade Autónoma de Galiza.

**PALABRAS CHAVE:** Sociolingüística, Eo-navia, Bierzo, As Portelas, Normalización lingüística.

GÓMEZ BAUTISTA, A. (2004): «Algunhas notas sobre a lingua galega da *Franxa Leste*», *Madrygal (Madr.)*. 7: 45-48.

### RESUMEN

El Objetivo de este trabajo es el de informar sobre la situación que atraviesa la lengua gallega en la Franja Este, así como argumentar a favor de la necesidad de alterar una denominación como Gallego Exterior, para designar al gallego hablado en Eo-Navia, en Os Ancares Orientales, en O Bierzo Occidental y en As Portelas; territorios cuya lengua propia es la gallega, y que están, en la actualidad, fuera de la Comunidad Autónoma de Galicia.

**PALABRAS CLAVE:** Sociolingüística, Eo-navia, Bierzo, As Portelas, Normalización lingüística.

GÓMEZ BAUTISTA, A. (2004): «Algunas notas sobre la lengua gallega de la *Franxa Leste*», *Madrygal (Madr.)*. 7: 45-48.

### ABSTRACT

This article examines the situation of Galician in the so-called Western Strip, arguing for the need to find an alternative to the term «External Galician», which is often used to refer to the language spoken in the Eo-Navia area, the Eastern Ancares Mountains, Western Bierzo, and As Portelas. All these areas have Galician as their original language but are now outside the administrative boundaries of the autonomous region of Galicia.

**KEY WORDS:** Sociolinguistics, Eo-Navia, Bierzo, As Portelas, Linguistic Normalization.

GÓMEZ BAUTISTA, A. 2004. «Some Remarks on Galician Language from the so-called Franxa Leste», *Madrygal (Madr.)*. 7: 45-48.

1. Para comprender, entender e analizar o mundo que nos rodea usamos o noso cerebro, como calquera outro animal. A nós humanos, o que nos distingue dos animais e constitúe a base que artella os nosos pensamentos, a nosa forma de organizalos e estruturalos, é a linguaxe, portanto, podemos dicir que é a palabra a característica que nos torna diferentes dun can ou dun gato (estes si, como xa dixo Castelao, posuidores da lingua universal, tan desexada por algúns).

Cada lingua ten unha forma única e irrepitíbel de organizar, interpretar e analizar o mundo que nos rodea. Por iso cada vez que morre ou matamos unha lingua perdemos tamén unha forma xenuína e diferente de ver o mundo.

Calcúlase que o número de linguas no mundo é de máis de 3.000. Se dividimos esta cifra (unha das máis prudentes) polos preto de 200 estados en que se organiza o noso planeta dá unha media de 15 linguas por estado. Este feito débelle dificultar o camiño aos amantes do uniformismo, esta é a realidade do noso mundo: diversa; querer unificar a linguaxe, sacrificándoa ás comodidades administrativas dos estados (sería o mesmo que pretender que todos os bosques fosen de piñeiros, por exemplo, por ser unha árbore que medra rápido, dando beneficios tamén rápido, e total os bosques e montañas seguirían estando verdes) e negar un instrumento xenuíno de expresión de cada pobo e cada individuo.

Toda lingua é apta para calquera das funcións que lle son propias, toda lingua é apta portanto para a economía, os medios de comunicación, etc. Son sempre cuestións externas á lingua as que eventualmente a poden tollar, minorar e, en definitiva, facerlle perder funcionalidade.

Tendo en conta o dito; canto inglés exterior, castelán exterior, catalán exterior ou alemán exterior habería no mundo? As fronteiras políticas e administrativas son relativamente variábeis, polo menos máis que as lingüísticas, e estas dúas nin sempre coinciden, por iso, parécese pouco acertado empregar un criterio administrativo para etiquetar a un conxunto de dialectos dunha determinada lingua. Desde un punto de vista lingüístico e da dialectoloxía esta denominación tórnase innecesaria até porque o galego formouse historicamente tamén no Bierzo Occidental, nas Portelas e no Eo-Navia, pero como desde unha perspectiva sociolingüística é pertinen-

te, pois o galego da devandita área encóntrase nunha situación lingüística peculiar, que é ben máis delicada que na Galiza administrativa, convén pois arranxar un termo que omita referencias administrativas ou políticas, que non cre malentendidos, e co que os falantes se sintan cómodos.

2. A lingua galega é tamén lingua propia e habitual alén dos lindeiros administrativos da Comunidade Autónoma de Galiza (C.A.G). A C.A.G ten unha poboación de 2.720.445 habitantes dos cales estímase que o 91% é capaz de falar galego, o que non quere dicir que o fagan. Alén dos límites administrativos o galego fálase nas áreas máis occidentais da Comunidade Autónoma de Asturias (C.A.A. ou Principado de Asturias) e nas da Comunidade Autónoma de *Castilla y León* (C.A.C.L) no occidente da Comarca do Bierzo, nos Ancares e nas Portelas, este territorio denomínase, tradicionalmente, Franxa Exterior (ás fronteiras administrativas da C.A.G). Na primeira, a C.A.A., no seu estatuto non se fai ningunha referencia á existencia do galego no Eo-Navia, porén, na última reforma do estatuto da C.A.C.L. incorporouse o recoñecemento do galego como lingua territorial, sen que até o de agora teña repercutido sensibelmente na recuperación da lingua e na restitución dos dereitos lingüísticos dos máis de 30.000 galegofalantes do Bierzo, Ancares Leste e As Portelas.

Calcúlase, por mor da falta de estatísticas e dados oficiais, que na Franxa Leste hai entre 70.000 e 100.000 falantes, pois as cifras bailan moito dunhas fontes para as outras (isto implicaría que como mínimo o 50% da poboación da Franxa fala galego habitualmente). Algúns falantes do Eo-Navia e do Bierzo tamén falan Asturo-leonés, en moitos puntos da Franxa Leste o galego linda con esta lingua e non apenas co castelán. O coñecemento do castelán é virtualmente universal en todos os territorios anteditos, así como en todo o Reino de España.

3. Nestes territorios a sobrevivencia, e desenvolvemento da lingua galega veríase favorecido sen dúbida polo aumento da autoestima dos paleofalantes, cuxa imaxe mitificada que deles é creada polos neofalantes<sup>1</sup>, que polo menos no Bierzo e no Eo-Navia, están a ser a chave da recuperación da lingua, debido á queda significativa da transmisión xeracional, que é no Bierzo especialmente baixa, paradoxalmente é neste último territorio onde os movementos de recu-

peración teñen máis folgo. Son, por iso, os neofalantes a chave do noso futuro lingüístico, aquén e alén Cebreiro e en grande medida os que manteñen co seu labor na Franxa Leste unha tradición literaria xa anterior ao inicio de Rexurdimento na Galiza administrativa, lembrarmos apenas que un neofalante como Fernández y Morales (Astorgano, criado en Cacabelos), escribe un poemario en galego que foi publicado en 1861. Non convén esquecer que por parte dos detractores da lingua galega fóra da Galiza se tenta equiparar aos falantes de galego do Bierzo cos de Bos Aires, como se fosen emigrantes, ou como se os pobos de lingua galega fosen «colonatos», todo para negar a concesión dos mínimos dereitos lingüísticos reclamados por esta minoría lingüística ignorando que a documentación dos mosteiros do Bierzo Occidental até o século XV está ou ben en latín ou ben en galego, o que demostra que o galego formouse historicamente tamén na Franxa Leste. Esta mudanza de denominación contribuirá sobre maneira a pór as cousas nos seus xustos termos, non contribuindo para deslices e imprecisións como as anteditas.

4. Na tradición da dialectoloxía galega, enténdese por Galego Exterior o que se fala fóra da Galiza administrativa, isto é, o galego falado no Eo-Navia, no Bierzo Occidental (incluído os Ancares Leste) e As Portelas. Algúns autores inclúen tamén baixo esta denominación ás falas da Serra de Xalma, na provincia de Cáceres (que eu xulgo seren tamén parte do sistema lingüístico galego-portugués mais non propiamente galegas).

A mesma tradición clasifica o galego en tres bloques, que é a clasificación proposta por Fernández Rei:

- a) Galego Occidental.
- b) Galego Central.
- c) Galego oriental, onde inclúe o galego do Eo-Navia, o Bierzo e As Portelas.

Esta clasificación é seguida tamén nas gramáticas portuguesas, como por exemplo, na de Lindly Cintra e Celso Cunha.

Se ben que Xavier Frías Conde, na súa obra *O galego exterior ás fronteiras administrativas*

(1999), que é un resumo da súa tese de doutoramento, reformula a anterior clasificación e engade dúas novas áreas.

Frías considera Galego Oriental apenas o falado no Bierzo e nas Portelas, excluindo o ancarés e o eonaviego (que é diferente do galego do Eo que si fica neste epígrafe) ficando a clasificación do seguinte modo:

- a) Galego Occidental
- b) Galego Central
- c) Galego Oriental onde inclúe o galego do Eo, o Bierzo (menos o ancarés ou ancarao) e as Portelas.
- d) Galego Raiano, que inclúe o ancarés e o eonaviego.
- e) Galego Meridional, que segundo el, inclúe apenas o galego de Estremadura.

Tendo en vista este panorama dialectal, polas razóns acima indicadas e a crecente insatisfacción e malentendidos que provoca a denominación de Galego Exterior ou Galego Raiano, propono que acuíemos unha nova denominación para referirmonos a estes territorios se o que pretendemos é criar unha Galiza cultural que supere as fronteiras administrativas, renovando e dinamizando así a vella unidade lingüística e cultural. O termo, máis acertado para referirmonos aos territorios anteditos sería, como xa dixen, o de Franxa Leste, reservando tamén o de galego do leste para falar das variedades de galego falados nesa Franxa Leste.

Encontro preferíbel esta denominación por varias razóns, a primeira por ser apenas unha referencia xeográfica, e non suxeita a criterios políticos e administrativos como a de Galego Exterior (á Galiza administrativa) que ademais provoca malentendidos e incita a algúns a pensar que o galego é só lingua propia da Comunidade Autónoma de Galiza o cal, como xa vimos, é falso, aliás, o propio estatuto de Castela e León recoñece o galego como lingua propia no Bierzo e nas Portelas. Alén diso non habería confusión posíbel cos bloques anteriormente ditos pois na tradición dialectolóxica galega, como xa sinaléi, non se utiliza para nada a referencia «leste», nin «oeste», nin «norte»

<sup>1</sup> Incluo neste concepto, seguindo unha idea lanzada polo profesor Amadeu Ferreira nunha das nosas conversas sobre a lingua mirandesa, aos falsos neofalantes, é dicir, as persoas que non sendo neofalantes, son consideradas como tais por estar a falar unha lingua que, por mor da súa clase socio-económica e nivel de estudos, non debían, teoricamente, estar a falar.

ou «sul», senón que se empregan as denominacións de oriental, meridional, etc.; non habendo por iso confusión posíbel.

Esta nova denominación contribuiría dun modo moi positivo a que os galegofalantes do Eo-Navia, O Bierzo, e As Portelas, non se sintan nin sexan tratados, como ven acontecendo demasiadas veces, como estranxeiros na súa propia terra polo mero feito de falaren unha lingua que, talvez sexa bo lembrar, tamén naceu nestes territorios.

5. As palabras están carregadas de significados, arrastran tras de si séculos de historia e son creadas, recreadas, adaptadas ou fican en desuso en función das circunstancias, das necesidades e das persoas, do pobo que as fala. Por iso, non acho xusto que os galegofalantes da Franxa Leste, que tanto tempo preservaran a lingua propia e xenuína desa terra e desa xente, renuncien a crear unha denominación que os recoñeza como falantes tan interiores como os de A Coruña ou A Terra Chá, se perseveramos en cualificalos de «exteriores» favorecendo (sen querelo) que se lles exclúa da súa propia comu-

nidade lingüística polo mero feito de pertenceren a un territorio que foi creado no século XIX, talvez lles estexamos a retirar a lexitimidade e os argumentos, porque até iso pode conseguir o poder das palabras, para reivindicaren os mesmos e lexítimos dereitos lingüísticos que un galegofalante de Cervantes ou Burela.

Talvez xa nos teñamos esquecido do poder das palabras, se cadra por estarmos no inicio de unha nova era, a da imaxe e da internet, mais a verdade é que desde sempre as palabras serviron para crear, mais tamén para matar, hai quen diga que hai palabras que matan, eu espero que estas poucas palabras sirvan para crear un pouco máis de orgullo e de autoestima a todos os galegofalantes, en especial aos da Franxa Leste, para quen falar galego día a día, por veces, tórnase unha auténtica fazaña épica.

Esta é unha proposta, talvez non sexa a mellor, mais espero que como mínimo contribúa para o comezo dun debate que me parece extremadamente necesario e non pode seguir sendo adiado.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CUNHA, C. e CINTRA, L. (1984): *Nova gramática do português contemporâneo*. Lisboa: Edições Sá da Costa.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FRÍAS, C. F. X. (1999): *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Xixón: VTP.
- GAUSS, K. M. (2001): *Europeos en extinción*. Barcelona: Poliedro.
- LÓPEZ MIRA, A. X. (1998): *A Galicia irredenta*. Vigo: Xerais.
- TUSÓN, J. (1990): *Mal de linguas*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.
- VV.AA. (1999): *Estudios de sociolingüística; linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.